

**ORDENANZA FISCAL Nº 40 REGULADORA DA TAXA POR APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL POR EMPRESAS OPERADORAS DE TELEFONÍA MÓBIL**

\*\*\*\*\*

**Artigo 1- FUNDAMENTO E NATUREZA.-**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo art. 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réximen Local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 e 57 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Vilagarcía de Arousa establece a **TAXA POR APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL POR EMPRESAS OPERADORAS DE TELEFONÍA MÓBIL**.

**Art. 2-FEITO IMPOÑIBLE.-**

1. Constitúe o feito imponible da taxa os aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo do vías dominio público municipal a favor de empresas operadoras de telefonía móbil.
2. O aproveitamento especial producirase sempre que para a prestación do servizo de telefonía móbil deban utilizarse antenas, instalacións ou redes que ocupen o solo, subsuelo o voo do dominio público municipal con independencia de quen sexa o titular daquelas.

**Art. 3- SUXEITOS PASIVOS.-**

Son suxeitos pasivos as empresas operadoras de telefonía móbil tanto si son titulares das redes a través das cales se efectúen ls subministros como si, non sendo titulares das mesmas, o son de dereitos de uso, acceso ou interconexión ás mesmas conforme o previsto na Lei 32/2003, de 3 de novembro, Xeneral de Telecomunicacións.

**Art. 4- SUCESORES E RESPONSABLES.-**

Estarase o regulado nesta materia na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e na normativa que a desenvolve.

**Art. 5- BASE IMPOÑIBLE E CUOTA TRIBUTARIA.-**

1. Para determinar a cuantía da taxa polo aproveitamento especial do dominio público municipal por parte dos operadores de telefonía móbil que precisen utilizar a rede de telefonía fixa instalada neste Concello aplicarase as seguintes fórmulas de cálculo:

**a) Base imponible:** deducirase da estimación do aproveitamento especial do dominio público do seguinte xeito:  $BI = Cmf * Nt + (NH * Cmm)$ , sendo:

**Cmf**= consumo telefónico medio estimado en liñas de telefonía fixa, por chamadas procedentes de teléfonos móbiles para o exercicio 2010: 58,9 €/ano.

**Nt**= Número estimado de teléfonos fixos instalados no Concello no ano 2009: 15.063.

**NH**= 95% del número de habitantes empadroados no Concello en 2009: 35.697

**Cmm**= Consumo medio telefónico estimado por teléfono móbil por chamadas de móbil a móbil para 2010: 279,1 €/ano.

**b) Cuota básica:** A cuota básica global determinarase aplicando o 1'3 % a la base imponible:

**QB**= 1'3% s/BI

Cuota tributaria/operador = CE \* QB, sendo:

CE= coeficiente atribuíble a cada operador segundo a súa cuota de participación no mercado incluíndo as modalidades de pospago e prepago.

**c) Imputación por operador:** O valor de CE e a cuota trimestral a satisfacer por cada operador son as seguintes:

	CE	Cuota
Movistar.....	48,87%	€/trimestre
Vodafone.....	33,10%	€/trimestre
Orange.....	16,58%	€/trimestre
Yoigo.....	0,71%	€/trimestre
Euskatel.....	0,76%	€/trimestre

As cuotas trimestrais a satisfacer polos operadores relacionados son a cuarta parte do importe que resulta de aplicar o coeficiente CE á cuota básica establecida no apartado b) deste artigo.

A efectos de determinar o coeficiente CE los suxeitos pasivos da taxa poderán probar ante o Concello que o coeficiente real de participación no exercicio anterior o de devengo da taxa foi inferior. Neste caso, as autoliquidacións trimestrais axustaranse aplicando o coeficiente acreditado polo obrigado tributario.

2. cuando para o disfrute do aproveitamento especial a que se refire o apartado anterior o suxeito pasivo utilízase redes axenas, a base imponible da taxa constituirase pola cifra de ingresos brutos obtidos anualmente no termo municipal minorada nas cantidades que deba aboar o titular da rede polo uso da mesma.

3. A taxa regulada nesta Ordenanza será esixible ás empresas ou entidades sinaladas no artigo 3 desta Ordenanza e é compatible con outras taxas establecidas, ou que se podan establecer no Concello, pola prestación de servizos ou realización de actividades de competencia local das que, as mencionadas empresas, sexan suxeitos pasivos.

4. A cuantía da taxa determinarase aplicando o 1,3 % á base imponible definida neste artigo.

#### **Art. 6-PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO DA TAXA.-**

A taxa regulada nesta Ordenanza devéngase o primeiro día do período impositivo, coincidindo éste co ano natural, con as excepcións seguintes:

- a) No momento de entrada en vigor polo establecemento desta Ordenanza no 1º día do trimestre seguinte a aquél.
- b) Nos supostos de inicio ou cese na utilización do aproveitamento gravado por esta taxa, no que procederá aplicar o prorrateo trimestral

#### **Art 7- RÉXIMEN DE DECLARACIÓN E DE INGRESO. –**

1. As empresas operadoras de servizos de telefonía móbil relacionadas no artigo 5 desta Ordenanza deberán presentar a autoliquidación e efectuar o ingreso da cuota que lles corresponda nos meses de abril, xullo, outubro e decembro de cada ano.

2. Outras empresas operadoras de servizos de telefonía móbil presentarán a súa declaración en base ós parámetros establecidos no artigo 5 tendo en conta o período de prestación efectiva dos servizos.

3. Unha vez concluído o exercicio os suxeitos pasivos que proben, en base a datos oficiais, que a súa participación no período impositivo difira do porcentaxe aplicado a efectos do cómputo da taxa regulada nesta Ordenanza poderán solicitar a regularización procedente.

#### **Art. 8- INFRACCIÓNS E SANCIÓN.-**

Estarase o regulado nesta materia na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e na normativa que a desenvolve

**DISPOSICION DERRADEIRA**

A presente Ordenanza fiscal consta de oito artigos e foi aprobada a súa redacción inicial polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 25/02/2010 e, unha vez aprobada definitivamente, será publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia e comenará a aplicarse, conforme o establecido no art. 6, unha vez transcurra o prazo previsto no art. 49 e 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, e manterase en vigor mentres non se acorde a súa derogación ou modificación expresa.

**Data modificación actual:**

PUBLICADO BOP (aprobación ordenanza): 29/06/2010